



Resolución da Alcaldía

Asunto: BASES PARA A PROVISIÓN EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/HA SOCORRISTA PARA A TEMPADA DE VERÁN NA PISCINA MUNICIPAL , 2017.

Dado que é necesaria a contratación de persoal para cubrir o cadro de persoal do servizo de socorrismo para a Piscina Municipal, que desenvolve o Concello da Baña, esta Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 21.1 da Lei 7/85 de 2 de abril RBRL,

RESOLVE:

Aprobar as seguintes bases para a contratación dunha persoa que cubrirá o cadro de persoal dos servizos referidos a continuación:

“BASES PARA A CONTRATACIÓN DUNHA PERSOXA QUE CUBRIRÁ O CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DA BAÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SOCORRISTA NA PISCINA MUNICIPAL”.

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria.

A contratación laboral temporal a xornada completa para a campaña de verán, por obra ou servizo, mediante concurso e entrevista persoal ou proba oral, escrita ou práctica se fose necesario, da persoa que executará os servizos seguintes: “REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SOCORRISTA NA PISCINA MUNICIPAL DURANTE A CAMPAÑA DE VERÁN”.

A devandita contratación realizarase con base á subvención concedida ao abeiro da Orde do 2 de maio de 2017, pola que se regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2017.

Dita contratación realizarase ao abeiro da normativa contida na Lei do Estatuto dos Traballadores, texto refundido aprobado polo Real Decreto legislativo 1/1995, de 24 de marzo, a xornada completa, e tendo en conta o disposto no Real Decreto-Lei 8/1997 de 16 de maio e no Real Decreto-Lei 5/2001, de 2 de marzo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento de emprego e a mellora da súa calidade e Real Decreto-Lei 5/2002, de 24 de maio.

SEGUNDA.-Condicións dos/as aspirantes.

a) Ser de nacionalidade española ou nacional dun dos estados membros na Unión Europea.

b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder de 65 anos.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.

d) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas.

e) Non incurrir en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente, referida ao día da formalización do contrato.

f) É obrigatorio estar en posesión do título de Socorrista en salvamento e primeiros auxilios.

g) Estar inscrito como desempleado no Servizo Público de Emprego de Galicia.

g) Copia cotexada da documentación acreditativa da solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, nos termos expresados no art. 9 do Decreto 104/2012 do 16 de marzo.

TERCEIRA.- Requisitos para a selección.

O Concello da Baña realizará a correspondente convocatoria mediante a inserción dunha oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

A Comisión seleccionadora poderá requirir aos/ás solicitantes outro tipo de documentación xustificante dos méritos acadados relacionados coa súa experiencia profesional.

CUARTA.- Comisión seleccionadora.

A Comisión Seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente/a: Adrián Vázquez Forján, técnico deportivo do Concello da Baña.

Vogais:



- Nagore Pazos Balboa, traballadora do Concello da Baña.
- María Dolores Landeira Liñares, traballadora do Concello da Baña.
- Susana Pazo Meijide, traballadora do Concello da Baña.

Secretario: o do concello ou persoa en quen delegue ou legalmente o substitúa.

Non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo preciso en todo caso a asistencia do presidente e do secretario.

QUINTA.- Proceso de selección.

A Comisión valorará a documentación presentada polos/as aspirantes con base nos seguintes criterios sinalados:

- Experiencia como socorrista e formación relacionada co posto.
- *Entrevista persoal, proba oral, proba escrita ou práctica:* A Comisión Seleccionadora poderá realizar aos/as solicitantes unha entrevista persoal ou proba na que se farán preguntas relacionadas coas tarefas a desenvolver no posto de traballo, interese amosado no posto de traballo, experiencia profesional, e outros, así como preguntas relativas ao nivel de coñecementos axeitados ao posto de traballo ao que se aspira.

A Comisión Seleccionadora poderá ter en conta outro tipo de documentación xustificante dos méritos acadados relacionados coa súa experiencia profesional.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citada Comisión, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

SEXTA.- Formalización do contrato.

A Comisión Seleccionadora proporá ao Sr. Alcalde a contratación daquel/a aspirante que obtivese a maior puntuación.

Dito/a aspirante proposto/a presentará dentro dos catro días hábiles seguintes, e antes das 14:00 horas, os documentos acreditativos que procedan, dos previstos na Base Segunda.

A formalización do contrato realizarase conforme o previsto na lexislación vixente.

SÉTIMA.- Incidencias.

FIRMADO POR José Andrés García Cardeso (NIF: 33247290P) (FECHA: 07/06/2017), Celestino Amigo Liñares (NIF: 33252468B) (FECHA: 07/06/2017)
Decreto N°: 72/2017 - Fecha de decreto: 07/06/2017
Versión imprimible

CVD: EPOsgKBFrltdcn+/LZL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.